

## ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que o alcalde ditou a seguinte:

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos postos á disposición da Alcaldía a través da plataforma de tramitación electrónica de expedientes municipais (TEDEC).

TENDO EN CONTA que, mediante resolución de Alcaldía nº 840/2023 do 20/06, acordouse constituír Xunta de Goberno local do Concello de Oroso, como órgano de carácter necesario, integrado pola Alcaldía, que a preside, e polos concelleiros D<sup>a</sup>. Licia López Gándaras (1era Tenente de Alcalde); D. José Carlos Mosquera Boo (2º Tenente de Alcalde); D. Óscar Rodríguez Piñeiro (3er Tenente de Alcalde); e D. Carlos Fernández Barreiro (4º Tenente de Alcalde).

TENDO EN CONTA mediante a referida Resolución de Alcaldía se establece que a Xunta de Goberno local, previa convocatoria realizada ao só efecto por esta Alcaldía, realizará sesións ordinarias na denominada “Sala de Xuntas” o primeiro e o terceiro martes de cada mes ás 9:30 horas en primeira convocatoria e unha hora despois en segunda; que no caso de que coincida nun día inhábil, a sesión realizarase o día inmediatamente anterior ou posterior; que a Alcaldía poderá adiantar ou retrasar as sesións ordinarias, así como suspendelas, con ocasión de períodos vacacionais, sempre que isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais da súa competencia.

LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 1004/2023 do 24/07 procedeuse a modificar a resolución de Alcaldía nº 840/2023 fixando a hora de celebración da sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local para as 15:30 horas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión ordinaria da XUNTA DE GOBERNO LOCAL para:

Día: 05/03/2024

Hora: 15:30 horas a 1.<sup>a</sup> convocatoria e, se procedese, ás 16:30 horas a 2.<sup>a</sup>.

Lugar: salón do pleno da Casa do Concello.

Orde do día:

#### I PARTE RESOLUTORIA

1 Aprobación de actas das sesións da Xunta de Goberno local

1.1 Acta da sesión ordinaria que tivo lugar o 20/02/2024. Acta 03/2024.

#### 2.-Xestión Económica.

2.1.-Aprobar se procede a declaración de deserto do contrato de SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA DE OROSO (expdte\_contra:2023/c004/000007)

2.2. Aprobar se procede a aprobación do contrato de SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA DE OROSO (expdte\_contra:202a/c004/000010)

2.3. Aprobar se procede a autorización, disposición e recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 11/2024 preparadas polo departamento de Intervención por importe total de 3.014,24 euros (EXP. 2024/G006/000014).

2.4.-Aprobar se procede a autorización, disposición e recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 15/2024 preparadas polo departamento de Intervención por importe total de 4.893,89 euros (EXP. 2024/G006/000015).

2.5.-Aprobar se procede o recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 14/2024 preparadas polo departamento de Intervención por importe total de 26.003,38 euros (EXP. 2024/G006/000016).

### **3.Xestión Urbanística.**

3.1.-EXP.URB. 23/2024. (TEDEC 2024/U007/000003) Dación de conta da comunicación previa de primeira ocupación presentada por D<sup>a</sup>. María Teresa Gómez Remuiñán para vivenda unifamiliar illada no lugar de Piñeiro. Parcela nº 660B del PC de la zona de Oroso-Gándara-Trasmonte-Deixebre. Parroquia de Trasmonte

## **II PARTE DE CONTROL**

### **4 Rogos e preguntas.**

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da xunta de goberno, REMITÍNDOLLES a minuta da acta que se eleva a súa aprobación e as propostas de resolución dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición as propostas de acordo na sede electrónica do Concello no apartado “portal dos cargos electos” (<https://sede.orosogal.com/opencms/es>).

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.com/opencms/gl/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.

Federico Suárez Cancelo.